

## RESOLUCIÓN RECTORAL DO 17 DE OUTUBRO DE 1989 SOBRE MATRÍCULA E ACTAS DE EXAME DOS ESTUDIANTES DO PROGRAMA "ERASMUS" DA COMUNIDADE EUROPEA

O programa de acción Comunitaria Europea de mobilidade de estudantes (ERASMUS), adoptado o 15 de xuño de 1987 polo Consello das Comunidades Europeas, ofrece a aqueles a posibilidade de cursar os seus estudos nunha universidade doutro estado membro durante un período que estea plenamente recoñecido na universidade de orixe, con vistas a obtención do título ou cualificación correspondente.

A Universidade de Santiago de Compostela participará na organización do dito programa.

Co fin de arantir a plena efectividade do previsto no Programa ERASMUS faise necesario instrumentar mediante a oportuna resolución rectoral as características que deberán de reunir, tanto a inscrición nos centros universitarios, como as actas especiais nas que constarán os rendementos académicos obtidos polos ditos estudantes.

Por todo o antes exposto e previos os informes oportunos.

Este Rectorado, RESOLVEU:

### PRIMEIRO

Os estudantes pertencentes ós distintos estados membros da Comunidade Europea que participan nun Programa de mobilidade de estudantes (ERASMUS) e consecuentemente desexen finalizar os seus estudos na Universidade de Santiago de Compostela, poderán formalizar a súa matrícula na facultade ou escola técnica superior, escolas universitarias e terceiro ciclo, correspondente para seguir os ditos estudos, de acordo co que se determina na presente resolución.

### SEGUNDO

Acreditación.- Os interesados deberán acreditar nos centros universitarios a súa condición de estudante do programa ERASMUS, mediante a presentación da credencial estendida para o efecto polo órgano competente autorizado para iso.

### TERCEIRO

Matriculación.- A inscrición na Universidade de Santiago realizanna os ditos estudantes nos centros universitarios en que se dispensen as materias establecidas polo Director do Programa de intercambio a que pertencen.

### CUARTO

Efectos e carácter da inscrición.- A formalización da matrícula nun centro da Universidade de Santiago por parte dos estudantes que participan no dito programa ERASMUS, surtirá efectos, exclusivamente, para continuar os estudos nos que están matriculados no seu país de orixe durante o período establecido no dito programa.

A inscrición que se formalice terá o carácter de extraordinaria a que se refire o artigo 155.1.b.) dos Estatutos da Universidade de Santiago e co alcance que se prevén na dita norma estatutaria.

### QUINTO

Documentación.- Os estudantes que reunan os requisitos indicados anteriormente presentaran, no momento de formalizar a súa inscrición, o documento expedido pola universidade do seu país de orixe no que seguen estudos no presente ano 1989-90, para demostraren esta circunstancia no centro correspondente da Universidade de Santiago.

Igualmente acompañaran ó dito documento calquera outro que acredite suficientemente a súa personalidade.

#### SEXTO

Exención do pagamento de dereitos.- Aqueles estudantes que realicen esta matrícula estarán exentos de aboar os prezos de matrícula que prevé a orde da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 1989 (DOG do 14 de agosto), por terénnos xa aboados no centro do seu país de orixe.

#### SÉTIMO

Actas de exame.- As actas nas que figuren as cualificacións obtidas polos devanditos estudantes, terán a consideración de actas especiais distintas das dos alumnos de matrícula ordinaria do centro respectivo.

As ditas actas especiais deberan conte-las seguintes circunstancias:

- a) Apelidos e nome dos estudantes do dito Programa ERASMUS, así como a identificación persoal dos mesmos.
- b) Cualificacións outorgadas na materia de que se trate, con expresión das que proceda para cada estudante de: suspenso, aprobado, notable ou sobresaliente.
- c) Indicarase na acta o carácter da materia tendo en conta a duración da mesma: anual, cuatrimestral ou outra duración establecida.
- d) Na acta figurará o curso académico.
- e) A data da acta será a de remate do período lectivo que corresponda, segundo proceda pola duración do mesmo.
- f) Cada acta será asinada polo profesor encargado da disciplina.
- g) No final de cada acta figurará a seguinte dilixencia, asinada polo Secretario do centro e visada polo Decano ou Director, do seguinte teor: *"A presente acta comprende os estudantes admitidos na Universidade de Santiago de Compostela para a aplicación do Programa da Comunidade Europea de mobilidade de estudantes (ERASMUS), organizado durante o curso académico que corresponda"*.

#### OITAVO

Validez das cualificacións.- As cualificacións que figuran nas ditas actas de exame terán validez, exclusivamente, para a súa validación e recoñecemento a universidade de orixe dos estudantes, de cara á obtención do título ou cualificación.

#### NOVENO

Expedición de certificacións.- As certificacións de carácter académico, que teñan por obxecto acreditar a matriculación ou as cualificacións obtidas nas materias, serán expedidas polo Secretario do centro, e visadas polo Decano ou Director do mesmo.

As certificacións referidas ás cualificacións de materias terán carácter oficial e expediranse para os únicos efectos do recoñecemento no país de orixe dos estudos cursados polos estudantes interesados, facéndose constar no dito documento esta circunstancia.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e demais efectos.

Santiago de Compostela 17 de outubro de 1989  
O RECTOR

Excmo. Sr. Vicerrector de Actividades Culturais e Servicios estudiantís.  
Ilmo. Sr. Secretario Xeral da Universidade.  
Iimos. Sres. Decanos e Directores dos centros desta universidade.  
Sres. Xefes dos Servicios Administrativos dos centros desta universidade  
Sr. Xefe do Negociado do Terceiro Ciclo.